

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL DA XUNTA DE GALICIA E A COMISIÓN DE INTERCAMBIO CULTURAL, EDUCATIVO E CIENTÍFICO ENTRE ESPAÑA E OS ESTADOS UNIDOS DE AMÉRICA (COMISIÓN FULBRIGHT) PARA A INCORPORACIÓN DE AUXILIARES DE CONVERSA FULBRIGHT PARA O CURSO 2024/2025.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

DECLARA:

Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten previsto formalizar coa Comisión de Intercambio Cultural, Educativo y Científico entre España y los Estados Unidos de América (Comisión Fulbright), o instrumento convencional arriba referido que da continuidade á colaboración establecida ao abeiro do Convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e a Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos de América (Comisión Fulbright), para a incorporación de auxiliares de conversa Fulbright, asinado o 10 de novembro de 2020.

O convenio que se presenta, permanecerá vixente ata o 30 de xullo de 2025, e renovarase de forma expresa, salvo que sexa denunciado por unha das partes con dous meses de antelación ao seu vencemento e sempre respectando os compromisos adquiridos. En addendas anuais, e antes do mes de abril de cada ano, especificarase, polas partes, o número de persoas auxiliares de conversa e o esquema de financiamento previsto para o desenvolvemento do programa para o curso académico seguinte.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer os termos da colaboración entre as dúas entidades para a selección e provisión de corenta (40) auxiliares de conversa estadounidenses que presten apoio aos programas que desenvolva a Consellería vinculados á implementación da Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras - Edulingüe 2030- ao longo do curso académico 2024/2025.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no establecido no Preámbulo da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación (LOMLOE) que recoñece, segundo o establecido na Agenda 2030, a importancia de incardinar nos plans e programas educativos a educación para a cidadanía mundial incluíndo a comprensión internacional e a educación intercultural e de dar resposta á necesidade dun sistema educativo moderno, máis aberto, menos ríxido, multilingüe e cosmopolita. Asemade continuase



adquirindo un compromiso decidido cos obxectivos educativos da Unión Europea que fixa o fomento do plurilingüismo como un obxectivo irrenunciable para a construción dun proxecto europeo. Ademais, correspóndelles ás administracións educativas procurar os recursos necesarios para garantir a creación de programas de reforzo da aprendizaxe de linguas estranxeiras.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin dar dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras. E para que conste, asínase esta memoria.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

